UN PERCORRIDO POLAS MONTAÑAS GALEGAS: SERRAS DO SUR

Neste apartado incluímos as serras do sur de Galiza, ao longo dos lindes con Portugal ata o río Miño. Son serras que non teñen unha continuidade, xa que están interrompidas pola depresión de Monterrei. Están ademáis fracturadas por varias fallas con sentido N-S ou NE-S.
Un primeiro grupo fórmano serras de pouca altura na comarca de Riós e a Serra das Penas Libres, en Vilardevós. Despois de pasada a depresión de Monterrei aparece unha sucesión contínua de serras de máis altura, Larouco, A Pena, Pisco e Xurés, con orientación xeral L-O e a partir da serra de Santa Eufemia cambia a dirección a N-S, continuando até o río Miño polas serras do Quinxo, Queguas e Laboreiro.
En xeral son serras de mediana altitude, de perfís suaves (arredor dos 1.000 m) e as máximas cotas atópanse na serra do Xurés, no Altar dos Cabrós, con 1.498 m. Os materiais son moi variados. Dominan as rochas graníticas hercínicas, agás nunha parte do Laboreiro, Larouco e Penas Libres que son metamórficos (lousas, areíscas, cuarcitas...).



SERRA DAS PENAS LIBRES

Os puntos máis altos son o Mairos, con 1.083 m é Salto do Cabalo, con 1.061 m.
Accedese desde Vilardevós.

Vilardevós, coas formación graníticas da serra detrás.

Fervenza da Ola
no monte Fraga dos Tocos.

Altramuz azul.

SERRA DO LAROUCO

O punto máis alto é o Coto Farelo (1.398 m).
Accedese desde Cualedro ou Baltar. Pódese subir aos cumes polas pistas do parque eólico.

Scabiosa columbaria.

Serra de Larouco, vista oeste, desde Calvos de Randín.

SERRA DA RAÍÑA LOBA

O cume está no Penedo das Fatigas, con 1.258 m.
Desde os altos hai boas vistas sobre A Limia, o encoro de Salas e as serras do Larouco e A Pena.
Accedese desde Baltar, Os Blancos ou Calvos de Randín.

A Xorita.

SERRA DO XURÉS

O punto máis alto é o alto dos Cabrós, con 1.544 m.
Ten un gran interese xeolóxico, ecolóxico, etnográfico e histórico.
Hai unha gran variedade de flora e fauna e destaca a presenza de numerosas especies vexetais endémicas.
A Serra do Xurés acolle unha importante representación da fauna silvestre galega.
Hai censadas máis de 30 especies de mamíferos, 140 aves,14 réptis e numerosos invetebrados.
Consérvanse formas traballadas polos glaciares cuaternarios máis occidentais de Europa no Val do Vilameá ou val das Sombras.
Forma parte do Espazo declarado Zona de Especial Protección dos Valores Naturais "Baixa Limia-Serra do Xurés", proposto para a Rede Natura 2000 e do Parque Natural do mesmo nome.
Accedese desde Lobios, onde hai un centro de información do Parque Natural.

Érbedo.

Loro ou acereiro (*Prunus lusitanica*), única localización de Galiza.

Alvite, unha das poboacións máis altas do Xurés, ao pé dos Pitoes.

Salto de Corga da Frecha, un afluente do Riocaldo.

Vista xeral da serra do Xurés desde o mirador de Queguas. Á dereita a serra de Santa Eufemia.

Lirio do Xurés

SERRA DO LABOREIRO

O pico máis alto é o Codesal (1.334 m).
Accedese desde Lobeira, por Parada do Monte e Fraga; desde Outeiro das Augas (as Catro Cruces), por Xacebáns ou por Padrenda.

Outeiro da Pena Gache. Desde o cume hai excelentes vistas sobre os vales do Miño, Arnoia e Deva. Serras do Faro e do Suído.

Adela Leiro
Mon Daporta